



Nos arredores de Hakuna

Manuel Regal Ledo

Pedíuseme que preparase unha breve achega sobre Hakuna, esa realidade evanxelizadora entre a xente nova maiormente, que está a ocupar un espazo significativo en bastantes puntos da igrexa española e doutras partes do mundo. Aceptei a encomenda con certa incomodidade, pois receo escribir e mesmo falar de algo do que non teño un coñecemento directo. Xa na *Crónica de Igrexa* do número 234 de *Encrucillada*, páxs. 108-110, ofrecín unha breve presentación desta realidade sobre todo a partir do libro *Hakuna. ¡Viva la vida* de José Pedro Manglano, editado pola editorial Planeta no 2023, libro que pode considerarse como unha coidada presentación oficial do que Hakuna é e quere ser.

Compartidos, xa que logo, eses datos básicos, obedezo a suxestión que se me fixo de comentar algúns escritos que poden estar alimentando os ánimos das persoas compoñentes de Hakuna, por aquilo de poder furgar algo no que poden ser os alicerces dun movemento de primeiras tan cheo de vida. Fágoo con inocencia, admitindo xa de entrada que Hakuna nos amosa maneiras ben interesantes coas que envolver nos tempos de hoxe o ofrecemento da experiencia cristiá, entre as que eu subliñaría a súa frescura, o seu romper moldes, mesmo na terminoloxía empregada (aborrezco, iso si, esa moda de vestilo todo de inglés, pero igual iso mesmo forma parte da movida), o seu gusto polo fermoso, o seu aire festeiro, a súa opción por cantar o que viven e vivir o que cantan e ademais facelo moi, moi ben, a mestura sacra entre adorar a «Hostia» e beber cervexas, o de ser a xente nova a que aparece levando o peso das actividades..., e todo iso sen ignorar que detrás